

MODIFICACIÓN NOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2021/22

Segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, modifícanse os subapartados dos criterios de avaliación relacionados coa avaliación ordinaria e extraordinaria.

Elimínase o subapartado de avaliación extraordinaria e o subapartado de cualificación final ordinaria queda redactado como segue:

Cualificación final ordinaria

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais (antes de aplicar o redondeo previsto para a cualificación de cada avaliación) máis a ampliación ata o final de curso.

Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado no seu caso o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado que non supere a materia, a partir do final da terceira avaliación e ata o final de curso, poderá realizar unha/s proba/s, segundo sexan as partes non acadadas, tal e como se viña facendo no seguimento dos pendentes durante o curso.

Considerarase superada a materia cando, substituídas as partes non superadas polas cualificacións extraordinarias e feita a media das avaliacións, e despois de efectuado no seu caso o redondeo, se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

No caso do alumnado que supera o 5 na media das tres avaliacións, poderá facer actividades de ampliación ou repetir probas ou traballos do mesmo xeito que o alumnado que non superou a materia, tendo así a posibilidade de mellora da cualificación ordinaria.

Do mesmo xeito, o alumnado que non quixese realizar estas probas, se lles encomendarán tarefas de ampliación, tendo que atender, sobre todo, ao apartado afectivo. Terase en conta esta ampliación como extensión do correspondente apartado da terceira avaliación, podendo ser mellorada ou empeorada segundo o traballo de aula axeitado ou pouco ou nada axeitado, e polo tanto, mellorada ou reducida a cualificación da avaliación, e por ende a ordinaria.